



Ponte deume

BANDO

PRAGA DENOMINADA TECIA (SROBIPALPOSIS) SOLANIVORA POVOLNY OU COUZA GUATEMALTECA DA PATACA

A Resolución de 17 de outubro de 2017 (DOG nº 200 de 20 de outubro de 2017) que amplía certos aspectos da Resolución de 8 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (DOG nº 49 de 10 de marzo) relativa á definición das medidas e das zonas demarcadas pola presenza da praga denominada Tecia (Scrobipalposis) solanivora povolny ou couza guatemalteca da pataca, determina que o Concello de Ponte deume forma parte da Zona Tampón, sobre as que a dita resolución establece o seguinte:

“3. Os agricultores das zonas tampón definidas no punto 1.b) da Resolución do 8 de marzo de 2017 deberán seguir comunicando, inmediatamente despois da sementeira, todas as parcelas cultivadas con pataca, segundo o modelo establecido no anexo I da Resolución do 9 de febreiro de 2017 (DOG núm. 31, do 14 de febreiro). En canto ao destino desta pataca:

a) Se é de autoconsumo, para a súa produción aplicaranse as medidas establecidas no artigo 8.4 do Real decreto 197/2017, e o seu movemento realizarase sempre en vehículos pechados ou cubertos cunha malla.

b) Se é o de comercialización, para a súa produción aplicaranse as medidas establecidas no artigo 8.4 do Real decreto 197/2017, a instalación de almacenamento deberá cumprir co establecido no artigo 8.5 do Real decreto 197/2017, deberá estar inscrita no Rexistro Oficial de Produtores, Comerciantes e Importadores de Vexetais (ROPCIV) e o movemento de pataca deberá realizarase en vehículos pechados ou cubertos cunha malla e sempre acompañados do correspondente pasaporte fitosanitario.

4. Os operadores de pataca de semente na Comunidade Autónoma de Galicia deberán cumprir:

...//...

b) En zonas tampón e zonas libres de couza guatemalteca deberán:

– Comunicar as existencias de pataca, utilizando o modelo do anexo I da Resolución do 8 de marzo de 2017.

– Levar o rexistro de información dos compradores de pataca de semente indicado no punto 2 da Resolución do 9 de febreiro de 2017.

– Os operadores situados en zona tampón ademais deberán instalar no local destinado a almacén trampas de feromona específicas para a captura de Tecia”

O que se comunica para xeral coñecemento.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, á data sinalada na marxe.



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 – www.pontedeume.gal